



C O N C E L L O

D E

FORNELLOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

III EDICIÓN PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY

O Concello de Fornelos de Montes, para honrar a memoria do seu ilustre escritor e contribuír á promoción xornalística en galego, convoca a III edición do **PREMIO DE XORNALISMO MANUEL LUEIRO REY**, cos seguintes obxectivos:

1.- Poderán concorrer a este certame todas as persoas que o desexen e cada participante deberá facelo cun único artigo.

2.- Os artigos serán inéditos, deberán estar escritos en galego e estaren redactados nun estilo xornalístico de carácter divulgativo e/ou de opinión no ámbito da denuncia social.

Os artigos presentados deberán ter entre 2.500 e 3.500 caracteres con espazos incluídos (entre 450 e 600 palabras, aproximadamente).

3.- Nas obras concursantes deberán aparecer escrito con claridade o título e un lema, que tamén figurarán no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI do autor ou autora, o seu teléfono, correo electrónico e enderezo, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada.

4.- Os artigos deberán presentarse por cuádruplicado, ben no propio Concello ou por correo certificado, en cuxo remite só deberá figurar o pseudónimo.

5.- O prazo de presentación rematará o día 30 de xuño de 2019

6.- A dotación do premio único e indivisible que será de 1.000 euros, estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. Se o xurado o considera oportuno, o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accésits ao premio que en ningún caso comportarán dotación económica.

7.- O xurado estará composto por tres persoas de recoñecida capacidade no ámbito ao que se refire a convocatoria e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Fornelos de Montes.



C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

8.- Para a selección do traballo premiado, o xurado terá en conta:

- A orixinalidade dos artigos
- A adecuación ao tema e xénero solicitados.
- A claridade expositiva e a calidade lingüística.

9.- O veredicto será dado a coñecer en outubro de 2019 directamente ao gañador ou gañadora e a través dos medios de comunicación. A entrega do premio terá lugar, salvo causas de forza maior, nun acto público no Centro Multiusos do Concello de Fornelos de Montes en novembro de 2019. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas autoras ou autores nas dependencias do Concello de Fornelos de Montes no prazo dun mes a contar a partir da data do veredicto do xurado.

10.- O artigo premiado quedará en propiedade do Concello de Fornelos de Montes, a quen se lle permite o seu uso e difusión por todos os medios, sen xerar iso ningún tipo de custo económico por dereitos de autoría nin outros conceptos.

Para a súa publicación os artigos poderán ser revisados lingüisticamente.

A participación supón a total e plena aceptación destas bases, sobre as que diante de calquera dúbida prevalecerá a opinión do xurado.

Fornelos de Montes, 30 de abril de 2019

Emiliano Lage Rodríguez